

Resolución do Tribunal designado pola Resolución do 2 de decembro de 2024, (DOG núm. 238 do 11 de decembro de 2024), que deberá cualificar o proceso selectivo de acceso por promoción interna e o proceso de provisión por mobilidade nos corpos da Policía Local de Galicia, escala executiva, categoría de inspector (códigos de procedemento PR461F e PR461J), convocado mediante a Orde do 19 de setembro de 2024 (DOG núm. 188, do 30 de setembro)

En sesión que tivo lugar o 20.12.2024, este Tribunal

ACORDOU:

Primeiro. Informar da constitución válida deste tribunal o 20.12.2024.

Segundo. O primeiro exercicio do proceso de acceso por promoción interna levarase a cabo en chamamento único ás 11.00 h do 22.01.2025 na sede da Academia Galega de Seguridade Pública.

- O primeiro exercicio consistirá nunha proba de avaliación de coñecementos tipo test con 120 preguntas e catro respostas alternativas, sendo unha soa a correcta.

O Tribunal acordou incluír no cuestionario, tal e como establece a convocatoria, un total de 10 preguntas de reserva, que só se terán en conta, pola orde na que están formuladas, no suposto que se anule algunha das preguntas da proba de coñecementos. No caso de que se produza a anulación dalgunha pregunta, as preguntas de reserva que substitúan as preguntas anuladas teranse en conta e puntuaranse igual que as do resto do exercicio.

- A proba terá unha duración de 120 minutos, e non se concederá tempo a maiores.

- Para a corrección deste exercicio teranse en conta as normas de dereito positivo relacionadas co contido do temario que no momento da publicación



da convocatoria conten con publicación oficial no boletín ou diario correspondente, aínda que a súa entrada en vigor estea diferida a un momento posterior.

- As persoas aspirantes deberán ir provistas de:

- a) DNI ou outro documento fidedigno que, a xuízo do tribunal, acredite a súa identidade. O documento manterase enriba da mesa en todo momento.
- b) Bolígrafo negro ou azul.

- Non se permitirá a presenza de acompañantes e o persoal aspirante deberá seguir as indicacións e resolucións do tribunal, que son públicas a través da páxina web da Agasp.

- Non se permitirá o acceso ao recinto onde se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro material ou instrumento de que se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na realización do exercicio.

- Non se habilitará ningún servizo de recollida ou depósito de teléfonos móbiles nin de calquera outro material e/ou instrumentos.

- Os aspirantes que rematen o seu exercicio antes do tempo establecido, poderán abandonar o lugar de realización da proba, agás nos primeiros 30 minutos desde o inicio da proba.



- Os aspirantes, durante a realización do exercicio manterán, en todo momento, visibles os pavillóns auditivos.
- Os aspirantes poderán levar a copia das súas respostas.

Terceiro. Achegar como anexo a esta resolución o modelo de plantilla de respostas correctas que se empregará o 22.01.2025 na realización do primeiro exercicio, co obxecto de facilitar as persoas aspirantes a súa cobertura, se erros.

Cuarto.- Remitir ao servizo de selección, coordinación e planificación da Agasp esta resolución e os seus anexos para a súa publicación na súa páxina web e na súa sede.

Segundo o punto 5.10 da convocatoria, as persoas aspirantes poderán interpoñer recurso de alzada ante o Director Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública no prazo dun mes desde a publicación desta resolución na páxina web da Academia Galega de Seguridade Pública (agasp.xunta.gal), nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

A Estrada, 20 de decembro de 2024

A presidenta do Tribunal

María del Carmen Rebolledo Olmedo

